

CUL TUR GAL

FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

26*28 DE NOVEMBRO 2010
PAZO DE CONGRESOS
E EXPOSICIONES DE PONTEVEDRA

DOSSIER DE PRENSA

Que? _____
Quen? _____
Cando e onde? _____
Para que? _____
Como se pode participar? _____
O programa Creativa _____
As asociacións do sector _____
Edicións Anteriores _____



QUE?

Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, é un evento único, de periodicidade anual, que congrega aos distintos gremios da cultura: libro, creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías...

Articúlase como un espazo permeable, coas portas e ventás abertas para o diálogo directo entre a cultura e a sociedade, que conxuga o encontro profesional coa presentación, promoción e venda aberta ao público de produtos e servizos. Propón á vez un lugar

de encontro dos axentes do sector, para favorecer e promover a colaboración e o apoio mutuo entre profesionais, e un lugar de exhibición cunha programación de actividades variadas dirixidas a públicos diversos. Constitúe emporiso a mellor radiografía dun sector industrial cohesionado, forte, dinámico e moderno e o mellor escaparate da oferta cultural do país nas súas diferentes versións, sopores e sectores.

Culturgal é un esforzo colectivo para situar a identidade cultural galega na contemporaneidade.

QUEN?

A Asociación Culturgal, creada o 22 de xullo de 2010 polas más importantes asociacións profesionais da industria cultural galega, afronta a organización da terceira edición da Feira das Industrias Culturais, co obxectivo de garantir a súa continuidade e asentar unhas liñas de traballo sólidas. Os colectivos membros asumen a organización do evento para darlle viabilidade ao proxecto, cunha folla de ruta trazada activamente polo sector e co obxectivo prioritario de visibilizar a oferta cultural do país.

Forman parte da Asociación Culturgal:

Asociación Galega de Editores (AGE)
Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas
(Escena Galega)

Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)
Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Aga-phono)

Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet)

Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi)

Culturgal 2010 conta, ademais, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais, como principal patrocinador, e do Concello de Pontevedra, como institución anfitrioa.

CANDO E ONDE?

Esta nova cita do Culturgal terá lugar do 25 ao 28 de novembro, en horario de mañá e tarde, no Pazo da Cultura de Pontevedra.

A cidade de Pontevedra está situada nunha área de alta densidade de poboación, das maiores de Galicia. Ademais, a súa situación xeográfica é céntrica, na beira atlántica galega, con proximidade a Santiago de Compostela e Vigo e boa comunicación coa Coruña e Ourense. Un conxunto de factores fan tamén que a cidade de Pontevedra teña unha boa orientación cultural. Un deles é a actividade universitaria, marcada pola importancia da creación no seu campus, coas

facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación. A súa contorna monumental e a súa boa infraestrutura museística e de salas de exhibición contribúen tamén a que sexa un bo escenario para a programación cultural. Isto, sumado á fidelidade dos públicos, fai que se manteñan no tempo convocatorias diversas (Cantos na Maré, Salón do Libro Infantil e Xuvenil, Noites Abertas, Chámalle X, Pasarela Debut, Pasarela Pontus Veteris, PonteJazz, Jazz no Principal, Semana Galega de Filosofía, Domingos no Principal, Mostra Internacional de Teatro Universitario, Bienal de Arte...), que xeran dinámicas favorables para a celebración doutros eventos culturais.

PARA QUE?

O Cultural ten como obxectivos

- * Darlle visibilidade á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, converténdose nun espazo onde as industrias culturais galegas poidan presentar, amosar, promocionar e vender os seus produtos e servizos.
- * Promover a mellora das industrias culturais galegas en todos os aspectos que sexan de interese conxunto.
- * Ser un lugar de encontro das industrias culturais que favoreza e promova a cooperación e o apoio mutuo entre os seus membros.
- * Promover e desenvolver a lingua e a cultura galega no ámbito das industrias culturais.

COMO SE PODE PARTICIPAR?

Para asegurar que todas as empresas do sector cultural poidan presentar o seu proxecto en Culturgal 2010, ademais de ofrecer stands no recinto con tarifas asequibles, a Asociación Cultural lanza unha convocatoria libre co obxectivo de abrir a Feira das Industrias Culturais de Galicia á sociedade. A organización prevé a cesión de espazos gratuitos a proxectos novos e de calidade, especialmente arriscados, sempre que se adapten aos valores e obxectivos da asociación e dean conta da excelente saúde da que goza a creación cultural galega. Dependendo da súa natureza, as

propostas seleccionadas terán un espazo propio nunha área diferenciada do recinto feiral ou na programación de actividades da Feira.

Todas aquelas empresas ou persoas do sector da cultura que desexen participar no Culturgal 2010 poden solicitar o seu stand ou participar na convocatoria aberta a través dos formularios que xa están dispoñibles na web www.culturgal.com. **As solicitudes deben ser recibidas antes do día 29 de outubro de 2010.**

O PROGRAMA CREATIVA

www.creativacultural.com

Culturgal 2010 integrará dentro da súa programación varias actividades do programa CREATIVA. A iniciativa, organizada pola Axencia Galega das Industrias Culturais en colaboración coa Dirección Regional de Cultura do Norte, forma parte dun proxecto europeo para a dinamización e comunicación entre as industrias culturais das dúas beiras do Miño e estará presente no máis importante evento da cultura galega cun encontro profesional das industrias culturais, unha mostra divulgativa da historia da música en Galicia e varias actuacións de diversas disciplinas. Así, ao longo das mañás do venres 26 e do sábado 27, profesionais dos distintos sectores e disciplinas da cultura en Galicia e Portugal participarán en foros de exposición e debate sobre o presente e o futuro da industria. Ademais, a exposición Soporte Sonoro amosará no Culturgal 2010 por vez primeira a evolución da graxación sonora en Galicia ao longo do século pasado até a chegada do CD como soporte, particularizando

o discurso visual e narrativo nos aparatos reproducidores e nos soportes utilizados, mostrados desde a particularidade evolutiva da música galega gravada no século XX. Finalmente, numerosas actuacións de diversas disciplinas darán conta da excelente saúde da creación cultural das dúas beiras do Miño.

A Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Dirección Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués levan adiante de forma conxunta o programa cultural interdisciplinar CREATIVA dende finais de 2009. Co financiamento a cargo dos fondos FEDER da UE, e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, o proxecto afonda na necesidade do intercambio e cooperación transnacionais e a consideración da cultura como factor básico de desenvolvemento territorial e económico.

AS ASOCIACIÓN DO SECTOR



**Asociación
Galega de
EDITORES**

AGE
www.editoresgalegos.org

A Asociación Galega de Editores leva máis de 25 anos coordinando a iniciativa empresarial da edición en lingua galega. Hoxendía, integra 45 empresas, o que supón máis do 90% do sector editorial do país.

Amparadas polo emblema da AGE, as empresas do sector traballan arreio pola competitividade, modernización e internacionalización da industria editorial, así como polo sostento e incremento dos postos de traballo nun escenario de crise económica.

mica que non é alleo ao sector cultural. Fano desde a conciencia de ser un sector chave, estratégico para o desenvolvemento educativo, cultural e social dun país, para a conformación lectora da cidadanía e para a configuración dunha sociedade culta, libre e madura.

A industria editorial galega é un sector activo e aberto ao mundo que no último ano facturou 34 millóns de euros e que contribúe dende hai décadas á exportación e universalización da cultura galega participando en máis de sete eventos internacionais anuais e establecendo alianzas con distintas administracións locais, autonómicas e estatais.



Escena Galega

ESCENA GALEGA
www.escenagalega.blogspot.com

Escena Galega, a Asociación Galega de Empresas das Artes Escénicas, creouse no ano 2002 como un organismo de carácter profesional, autoxestor, autónomo e independente, integrado por empresas e empresarios individuais que teñen como actividade a producción de espectáculos escénicos. Na actualidade congrega a 27 compañías de teatro, de danza e de monicreques.

O seu obxectivo prioritario é a representación, defensa, xestión e promoción dos intereses persoais, sociais e económicos dos seus asociados. Nun senso máis amplio pretende contribuír a sentar as bases da actividade escénica profesional. No seu tempo de existencia realizou un intenso labor para fomentar a consolida-

lación das compañías, promovendo unha serie de servizos asistenciais. Xogou tamén un papel central na negociación dos primeiros convenios colectivos de actores e actrices e de eventos, servizos e producións culturais de Galicia. Así mesmo, actúa como interlocutora coas institucións públicas e forma parte da comisión negociadora das axudas ás artes escénicas da Agadic.

Organiza acotío actividades e elabora estudos coa intención de facer unha radiografía do sector e transmitirlle ao conxunto da sociedade a relevancia cultural, social e económica das artes escénicas. É por iso que recolle como a súa finalidade xeral impulsar todo tipo de iniciativas e accións relacionadas coa defensa e potenciación das artes escénicas, a lingua e a cultura galega.



AGEM
www.agem-musica.com/agem/index.php?lang=gl

A Asociación Galega de Empresas Musicais naceu no 2007 por acordo dun amplo número de empresas dedicadas ao management de artistas, intermediación na contratación de eventos musicais, promoción e producción de concertos. Na actualidade, AGEM ten 22 empresas asociadas que cobren o abano completo de servizos relacionados coa producción de todo tipo de eventos.

Dende a distribución e a produción de espectáculos ata o management de artistas,

pasando pola creación, deseño e xestión de ciclos e festivais, as empresas que conforman AGEM son as responsables da maior parte dos espectáculos musicais realizados en Galicia ou exportados dende aquí.

As empresas de AGEM representan e distribúen os más recoñecidos artistas galegos e internacionais e producen os concertos más relevantes dos programados en Galicia. Ademais, asesoran as institucións públicas e privadas no deseño e programación das festas, os ciclos e os festivais de maior prestixio e poder de convocatoria, chegando en moitos casos a asumir directamente a xestión total do evento.

agaphono

asociación galega de produtoras fonográficas

A Asociación Galega de Produtoras Fonográficas nace no ano 2002 para a defensa, edición, promoción e difusión da Cultura Musical Galega. Cunha clara vocación empresarial e cultural, as empresas membros da asociación buscan contribuír á consolidación e estabilidade do sector fonográfico en Galicia, así como aunar esforzos para fazer fronte á complicada situación do mercado actual.

Forman parte de Agaphono: Atlantia, Audia Records, Clave Records, Edicións do Cumio,

Falcatruada, Ouvirmos, Sons Galiza Comunicación e Zouma, o que supón o 45% do sector. Ademais, un total de catro empresas máis están en trámites para pasar a formar parte da asociación.

Agaphono forma parte da Plataforma Independiente por la Música, xunto con AFO-CAM, APECAT e UFI. A entidade estatal naceu en 2008 co obxectivo de realizar accións comúns para o fomento e a promoción dos contidos dos seus asociados.

eganet

EMPRESAS GALEGAS ADICADAS A INTERNET E AS NOVAS TECNOLOGÍAS

EGANET

www.eganet.org

Eganet é a asociación de empresas galegas dedicadas a internet e as novas tecnoloxías, que abranguen as cinco principais áreas de negocio neste ámbito: internet e medios on line, comunicación interactiva en novos medios, consultoría e asesoramento Tic, conectividade e integración de sistemas e desenvolvemento de software. Creouse en 2000 e na actualidade suma 60 socios, que facturan 40 millóns de euros anuais e engloban mil postos de traballo.

Eganet defíñese como unha asociación reivindicativa e canaliza a súa acción para que

o seu sector se converta nun dos piares fundamentais da economía galega. Traballa para espallar o uso das novas tecnoloxías entre a ciudadanía, como ferramenta de mellora da competitividade tanto no eido empresarial como no individual e facendo fincapé na integración tecnolóxica dos colectivos menos favorecidos.

A asociación procura tamén establecer sinerxías dentro e fóra do sector, con especial incidencia en ámbitos como o cultural, o educativo, o audiovisual, o administrativo e o turístico. Esta transversalidade e a visión de conxunto permitelle anticiparse ás necesidades para poder ofrecer o coñecemento e as ferramentas precisas para cubrillas.

AGAPI

ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES

AGAPI

www.agapi.org

A Asociación Galega de Produtoras Independentes é a asociación empresarial pionera do sector audiovisual galego; agrupa a máis de 35 empresas produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos e leva contribuíndo activamente á consolidación e desenvolvemento da industria de Galicia dende hai máis de quince anos.

A asociación desempeñou un papel fundamental fronte ás institucións, sendo unha das pezas clave no despegue do audiovisual galego. A súa achega contribuíu á consideración do sector audiovisual como estratéxico para a economía galega. Así mesmo, foi

a única asociación autonómica de producción independente do Estado que compareceu no Congreso dos Deputados na tramitación da vixente Lei do Cinema 55/2007.


AGAPI desenvolveu dende os seus comezos un intenso programa formativo que contribuíu á profesionalización do sector e á especialización dos seus traballadores. Un dos seus últimos proxectos foi a reunión de destacados profesionais da industria audiovisual en Santiago con motivo do I Foro de Marketing e Comercialización Audiovisual. AGAPI organizou este encontro especializado coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela nos días 3 e 4 de decembro de 2009.

EDICIÓNES ANTERIORES

O Culturgal naceu en 2007 a iniciativa da Asociación Galega de Editores como unha plataforma para integrar, dinamizar e interrelacionar a pluralidade de sectores que actúan ao redor do feito cultural galego. A transcendencia daquela convocatoria, que tamén tivo lugar en Pontevedra e que sumou 60 stands e cunha cifra de asistencia de 10.000 persoas, alentou a organización dunha segunda convocatoria promovida directamente pola Consellaría de Cultura e Deporte do momento.

A edición de 2008 celebrouse na Coruña co obxectivo xeral de consolidar a feira, aumentar a participación de todos os ámbitos culturais, incrementar a presenza de público profesional e xeral e, polo tanto, darlle unha maior proxección, visibilidade e difusión ás industrias culturais. As cifras acadadas, con 75 entidades expositoras, 97 actividades na programación e 35.000 persoas asistentes, ademais dun notable impacto mediático, demostraron a viabilidade do proxecto. Estes bos resultados levaron tamén a formular a necesidade de crear unha entidade autónoma para a promoción e organización directa do evento.

Tras o período de reestruturación do goberno autonómico, os propios axentes das industrias culturais decidiron asumir directamente o proxecto e constituír conjuntamente ese organismo independente, co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Asociación Culturgal, creada o 22 de xullo de 2010 polas máis importantes asociacións profesionais da industria cultural galega, afronta a organización da terceira edición da Feira das Industrias Culturais, co obxectivo de garantir a súa continuidade e asentar unhas liñas de traballo sólidas. Os colectivos membros asumen a organización do evento para darlle viabilidade ao proxecto, cunha folla de ruta trazada activamente polo sector e co obxectivo prioritario de visibilizar a oferta cultural do país.



PARA SABER MÁIS?

Correo-e: comunicacion@culturgal.com

Web: www.culturgal.com

Perfil en Facebook: <http://www.facebook.com/cultur.gal>

Perfil en Twitter: <http://twitter.com/culturgal>

Perfil en Myspace: <http://www.myspace.com/culturgal>

Perfil en Flickr: <http://www.flickr.com/photos/culturgal>

ORGANIZA



PATROCINA



Axencia Gallega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONSELLARÍA DE CULTURA



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA
Concello de Pontevedra